LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA

# MESAS DE PREZOS SEMANA DO 17/07/2007

Semana 29

A vindeira sesión da Lonxa realizarase o luns 23 de xullo

## PORCINO CEBADO

| EURO./KG. VIVO S/G | EUROS KG. | EUROS DIF. |
|---|---|---|
| CARNICEIRO | 1,440 | -0,03 |
| SELECTO | 1,245 | -0,03 |
| NORMAL | 1,220 | -0,03 |
| CASTRADO | 1,580 | -0,03 |
| CANAL II | 1,584 | -0,039 |
| DESVELLE | 0,59/0,65 | 0,00 |

Moi poucas veces as cotizacións do cebado baixan no mes de xullo pero na presente sesión o Cebo rematou cunha baixada de 3 céntimos; e é que os **Parámetros semanais confirman esta tendenza baixista**: Os pesos incrementáronse en case dous quilos en matadoiro. Mercado pesado e moita oferta de gando.

Polo comentado a **situación do mercado segue sendo inestábel e seguen manténdose os parámetros da semana pasada:**
**1º** A baixada nas cotizacións é xeral en todas as Lonxas de referencia Españolas; **2º** Existe un excesivo diferencial do prezo con respecto ao doutros mercados Europeos (ainda que nesta semana sufriron alzas considerábeis); **3º** A nível Europeo sinálase unha grande cantidade de carne que non se dá exportado (nos mercados transeuropeos) froito dunha depreciación constante do dólar con respecto ao Euro, que fai que o porco Europeo sexa menos competititivo con respeito ao dos Estados Unidos; e **4º** O tempo inestábel leva aparellado un dobre efecto: Por un lado o engorde é máis rápido o que nos dá unha maior oferta semanal e por outro, o turismo non tira do consumo de carne de porco na primeira metade do mes de Xullo como sería de agardar.

## BACORIÑOS

| BASE 20 KGS. | EUROS KG. | EUROS UNIDADE | DIF |
|---|---|---|---|
| SELECTO | 1,10 | 22,00 | -2,00 |
| NORMAL | 1,05 | 21,00 | -2,00 |

**Até onde se pode aguantar?**

Esta foi a pregunta que hoxe deixaron sobre a mesa os vocais da produción de bacoriños Galegos. E é que hai que remontarse ao ano 2003 para ver unhas cotizacións tan baixas dos bacoriños na Lonxa.

A inestabilidade no mercado dos bacoriños segue planeando sobre o mercado, e as cotizacións baixan dous euros máis con respecto á semana pasada (van seis nas tres últimas semanas). E o peor de todo é que tanto Produción como Demanda coinciden que este mercado podería ainda non ter tocado fondo como se mantiña nas semanas pasadas.

As cotizacións actuais están moi por debaixo dos custos de produción; o mercado presenta unha oferta excesiva (algo que é xeral a nível Europeo), a demanda é escasa e estes non ven claras as rendabilidades do engorde nen sequer comprando bacoriños baratos. E **as cotizacións volven a caer, sen que isto sexa garante das vendas**.

## *OVOS*

| CLASE | EUROS BRANCOS | DIF. | EUROS MOUROS | DIF. |
|---|---|---|---|---|
| XL | 1,39 | 0,00 | 1,39 | 0,00 |
| L | 1,14 | 0,00 | 1,14 | 0,00 |
| M | 1,03 | 0,00 | 1,03 | 0,00 |
| S | 0,93 | 0,00 | 0,93 | 0,00 |

Sexta semana consecutiva na que repiten as cotizacións en todas as gramaxes do ovo. Séguese destacando no mercado Galego unha demanda estacional en aumento, polo que a previsión que se fai dende a Lonxa é que as cotizacións poden aumentar na vindeira semana.

Manténense os síntomas de mellora estacional, e o mercado defínese claramente á alza.

## *GALIÑAS DE DESVELLE*

| | *EUROS* KG. | DIF |
|---|---|---|
| **SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS** | **0,11/0,22** | **0,00** |

Estabilidade na cotización das galiñas na sesión de hoxe da Lonxa.

A oferta segue nuns níveis baixos para a demanda dos matadoiros, o que deixa entrever alzas nas cotizacións para as vindeiras semanas, todo, mentras que o nível das cotizacións do ovo non comecen a descender.

## *COELLO*

| GRANXA EN VIVO | *EUROS* KG. | DIF |
|---|---|---|
| NOVO | SEN COTIZACIÓN | |

**Terceira semana na que o coello non cotiza na Lonxa Agropecuaria de Galicia.**

**O motivo segue sendo as fortes discrepancias entre o sector, que esperemos que se resolvan nas vindeiras semanas.**

**LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA**
Recinto feiral, s/n
36540 Silleda - Pontevedra
Telf: 986 577000 Fax: 986 580162
www.aferial.com / www.agrolonxa.com / www.feiragalicia.com
xabier@agrolonxa.com

**En colaboración coa:**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
medio rural

## COTIZACIÓNS SUBASTA DE GANDO DO DÍA 17/07/2007

Feira Internacional de Galicia
Silleda - Pontevedra
Tlfno 986-580050 / Fax 986-580162

| BECERROS RECRÍA | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 213.842 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 903 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 826 | | |

| RAZA FRISÓN | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 96 | 122 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 115 | 128 |
| BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS | 133 | 150 |

| RAZA CRUCES INDUSTRIAL | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 365 | 203 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 375 | 241 |
| BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS | 420 | 304 |

| RAZA RUBIA GALEGA | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 25 DÍAS | * | * |
| BECERROS DE 26 A 50 DÍAS | 450 | 356 |
| BECERROS DE 51 A 120 DÍAS | 469 | 404 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| VACUNO MAIOR | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 198.362 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 319 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 295 | | |

| CATEGORÍA | PRECIO SEMANAL |
|---|---|
| VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U | 1.518 |
| VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R | 929 |
| VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O | 539 |
| VACAS CATEGORÍA DESFEITO P | 252 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| BECERROS CARNICEIROS | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 51.824 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 70 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 64 | | |

| PRECIOS KG/ VIVO | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| RAZA FRISÓN | 1,54 | 1,89 |
| RAZA CRUCE INDUSTRIAL | 2,34 | 2,60 |
| RAZA RUBIA GALEGA | * | 2,93 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría